

SERVIZO DE
TRANSPORTES

ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO, SERVIZOS E
DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



TRANSPORTE ESCOLAR

TRAMITACIÓN DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR PARA O CURSO 2024-2025.

ANUNCIO

De conformidade có disposto no artº 3 da “Ordenanza Municipal reguladora do transporte regular especial de uso escolar”, aprobada inicialmente polo Pleno Municipal en data 10 de abril de 1992 e, definitivamente polo Pleno Municipal en sesión de 11 de setembro de 1992, recórdase aos titulares das empresas de vehículos adicadas á realización do servizo de transporte escolar dentro do término municipal do Concello de Vigo, que antes do comenzo do vindeiro curso 2024-2025 (setembro 2024), deberán dispor de AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.

Para elo e a fin de poder tramitar tódalas autorizacións antes do comenzo do vindeiro curso, concédese un prazo de (15) QUINCE DIAS, debendo presentar a correspondente solicitude, a través do REXISTRO ELECTRÓNICO do Concello de Vigo, en virtude do establecido na L. 39/2015, de 1 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na instrucción 1/2019 da Secretaría de Goberno Local; axuntando os documentos esixidos no citado artº 3 da Ordenanza, e demais lexislación de aplicación, documentación que é a seguinte:

I.- Instancia dirixida ó Iltmo. Sr. Alcalde de Vigo, cos seguintes datos:

- Datos identificativos do propietario dos vehículos (razón social).
- Relación de centros escolares para os que se desexe prestar o servizo coma empresa titular dos contratos. No caso de colaborar coa empresa titular dos mesmos deberá achegar copia do contrato de colaboración entre as empresas.

No caso das empresas que sexan titulares dun contrato de transporte escolar adxudicado pola Xunta de Galicia e que fora obxecto de prórroga, deberán solicitar a prórroga da correspondente autorización municipal axuntando xustificación da prórroga concedida pola Xunta de Galicia.

- Relación de vehículos que, con carácter principal ou suplente, se pretendan adicar á prestación do servizo, con indicación de marca, número de bastidor e matrícula de cada un dos vehículos obxecto de solicitude e permiso de circulación dos vehículos a nome do solicitante da autorización do transportes, ou título que otorgue a dispoñibilidade sobre este.



II.- Copia da Tarxeta de Inspección Técnica de Vehículos (ITV), acreditativa de que os vehículos teñen pasadas as revisións regulamentarias e cumpren as prescricións legais vixentes relativas a transporte escolar.

III.- Copia da Póliza de seguros de responsabilidade civil ilimitada e do seguro complementario e recibos actualizados, polos danos e perxuizos que poidan chegar a sufrir as persoas transportadas, derivados do uso e circulación dos vehículos destinados a esa forma de transporte.

IV.- Certificado da entidade contratante que acredite os itinerarios e paradas a realizar, que deben axustarse ás que foron aprobadas e figuran como Anexo I da devandita Ordenanza.

V.- Croquis esquemático nun plano a escala 7:500 (doblando o formato UNE A-4), onde se identifique o itinerario e as paradas propostas entre as contempladas no Anexo I da "Ordenanza Municipal reguladora do transporte regular especial de uso escolar.

VI.- Declaración xurada da empresa de transportes, asumindo o compromiso da presenza dun acompañante nos vehículos que transporten menores, nos casos que establece o Real Decreto".

O transporte deberá realizarse de conformidade co disposto no Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre Condicións de seguridade no transporte escolar e de cativos, na súa redacción de 5 de setembro de 2006, vixente na data deste Anuncio.

Poderá substituírse a presentación da Tarxeta de ITV, da póliza de Seguros e do Permiso de circulación de cada vehículo, por un certificado da Delegación de Transportes da Xunta de Galicia, no que se faga constar que os vehículos -relacionando as matrículas- son aptos para realizar servizos de transporte escolar.

Calquera dúbida pode ser consultada no Servizo de Transportes chamando ao Tfno: 986 810 353.

CP/ieo

SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRO DA

AREA DE GOBERNO DE FOMENTO, SERVIZOS E DEPORTES..... Francisco Javier Pardo Espiñeira

(Decreto de delegación de competencias de 28 de xuño de 2024. BOPPO n.º 133, de 9 de xullo de 2024)

**SERVIZO DE
TRANSPORTES**

**AREA DE GOBERNO DE FOMENTO,
SERVIZOS E DEPORTES**

**CONCELLO
DE VIGO**



PUBLICACION ANUNCIO TRANSPORTE ESCOLAR 2024/2025

Con motivo do inicio do curso escolar 2023-2024, as empresas de transporte escolar que realicen estes servizos no t ermino municipal de Vigo, est an obrigadas a obter a autorizaci n municipal correspondiente.

Accederase   informaci n da citada publicaci n no enlace: <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/>

As solicitudes deber n presentarse de maneira telem tica (por internet), a trav s da seguinte direcci n: https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=100&lang=ga

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900

1900